Non se compara a información contida nas contas anuais coa do exercicio anterior tendo en conta que o inicio da actividade da Axencia se produce no exercicio 2017.

As clasificacións utilizadas para a presentación do Estado de Liquidación do orzamento, así como, para o resto de estados e informes orzamentarios incorporados nesta memoria, teñen o seu orixe nalgunha das seguintes:

- Clasificación orgánica: A Axencia Galega da Industria Forestal é unha axencia pública con personalidade xurídica propia que non presenta unha clasificación orgánica con órganos independentes na súa xestión.

Así, a clasificación orgánica da Axencia enténdese como un órgano único e, polo tanto, non se confecciona un estado de liquidación do orzamento de gastos por servizos, senón que sería o total da execución do orzamento.

- Clasificación funcional por programas. Consta dun único programa: 741A APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL.

- Clasificación económica: a entidade utilizou a clasificación económica autorizada pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, sen prexuízo da adecuación á súa xestión e actividade.

O director da Axencia estima que as contas do exercicio 2017 serán aprobadas polo Consello Reitor sen variacións significativas.





4.2.1 PRINCIPIOS CONTABLES.

A aplicación dos principios contables conducen a que as contas anuais se formulen con claridade e expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, da execución do orzamento e dos resultados da entidade.

Como indica o Plan xeral, a contabilidade da Axencia desenvólvese de xeito obrigado aplicando os principios que se reproducen deseguido :

Principio de entidade contable. Constitúe entidade contable todo ente con personalidade xurídica e orzamento propio, que deba formar e render contas. Cando as estruturas organizativas e as necesidades de xestión e información así o requiran poderán crearse subentidades cun sistema contable que estea debidamente coordinado co sistema central.

Principio de xestión continuada. Presúmese que continúa a actividade por tempo indefinido. Polo tanto, a aplicación dos presentes principios non irá encamiñada a determina-lo valor liquidativo do patrimonio.

Principio de uniformidade. Unha vez adoptado un criterio na aplicación destes principios, debe manterse uniformemente no tempo e no espazo mentres non se alteren os supostos que motivaron a elección deste criterio.

Se procede a alteración xustificada dos criterios utilizados, debe mencionarse este extremo indicando os motivos, así como a súa incidencia cuantitativa e, se é o caso, cualitativa nos estados contables periódicos.

Principio de importancia relativa. A aplicación destes principios, así como a dos criterios alternativos que en ocasións puidesen deducirse deles, debe estar presidida pola consideración da importancia en termos relativos que estes e os seus efectos puidesen presentar. Por conseguinte, pode ser admisible a non aplicación estricta dalgún principio sempre e cando a importancia relativa en termos cuantitativos da variación constatada sexa escasamente significativa e non altere, polo tanto, a imaxe fiel da situación patrimonial e dos resultados do suxeito económico. A aplicación deste principio non poderá implicar en ningún caso a transgresión de normas legais.

Principio de rexistro. Tódolos feitos contables deben ser rexistrados na oportuna orde cronolóxica, sen que poidan existir baleiros, saltos ou lagoas na información. O rexistro dos feitos debe efectuarse mediante os procedementos técnicos máis adecuados á organización da entidade contable, de forma que se garanta a coherencia interna da información.

Principio de prudencia. Dos ingresos só deben contabilizarse os efectivamente realizados na





data do peche do exercicio; non deben contabilizarse aqueles que sexan potenciais ou se encontren sometidos a algunha condición. Polo contrario, dos gastos, deben contabilizarse non só os efectivamente realizados, senón tamén, desde que se teña coñecemento deles, aqueles que supoñan riscos previsibles ou perdas eventuais, con orixe no exercicio ou noutro anterior; para estes efectos deben distinguirse as perdas potenciais ou reversibles das realizadas ou irreversibles. Non obstante, de acordo coa normativa orzamentaria vixente, estes gastos contabilizados pero non efectivamente realizados, os riscos e perdas, non terán incidencia orzamentaria, só repercutirán no cálculo do resultado económico-patrimonial.

Principio de devengo. A imputación temporal de gastos e ingresos debe facerse en función da corrente real de bens e servicios que estes representan, e non no momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada daqueles.

Os gastos e ingresos que xurdan da execución do orzamento imputaranse cando, de acordo co procedemento establecido en cada caso, se dicten os correspondentes actos administrativos. Non obstante, polo menos na data do peche do período, aínda que non fosen dictados os mencionados actos administrativos, tamén deberán recoñecerse na conta do resultado económico-patrimonial os gastos efectivamente realizados pola entidade ata esta data.

Se non se pode identificar claramente a corrente real de bens e servicios entenderase que os gastos ou os ingresos se produciron cando se recoñezan os incrementos de obrigacións ou dereitos, ou as correccións valorativas que afecten elementos patrimoniais.

Principio de imputación da transacción. A imputación das transaccións ou feitos contables ha de efectuarse a activos, pasivos, gastos ou ingresos anuais ou plurianuais de acordo coas regras establecidas neste Plan de Contabilidade Pública e demais normas que para o efecto se dicten.

A imputación das operacións que deban aplicarse ós orzamentos de gastos e ingresos debe efectuarse de acordo cos seguintes criterios:

-Os gastos e ingresos orzamentarios imputaranse de acordo coa súa natureza económica e, no caso dos gastos, ademais, de acordo coa finalidade que con eles se pretende conseguir. Os gastos e ingresos orzamentarios clasificaranse, se é o caso, atendendo ó órgano encargado da súa xestión.

-As obrigacións orzamentarias derivadas de adquisicións, obras, servicios, prestacións ou gastos en xeral imputaranse ó orzamento do exercicio no que estes se realicen e con cargo ós respectivos créditos; os dereitos imputaranse ó orzamento do exercicio no que se recoñezan ou liquiden.

Nos casos de conflito entre este principio e o resto dos principios contables públicos deben prevalecer estes últimos, en especial os principios de rexistro e de devengo.





Principio do prezo de adquisición. Como norma xeral, tódolos bens, dereitos e obrigas deben figurar polo seu prezo de adquisición ou custo de produción. Non obstante, as obrigacións deben contabilizarse polo seu valor de reembolso.

O principio de prezo de adquisición debe respectarse sempre, salvo cando se autoricen, por disposición legal, rectificacións a este; neste caso deberá facilitarse cumprida información.

Principio de correlación de ingresos e gastos. O sistema contable debe poñer de manifesto a relación entre os gastos realizados por unha entidade e os ingresos necesarios para o seu financiamento.

O resultado económico-patrimonial dun exercicio estará constituído pola diferenza entre os ingresos e os gastos económicos realizados neste período. O resultado así calculado representa o aforro bruto, positivo ou negativo.

Principio de non compensación. En ningún caso se deben compensar as partidas do activo e do pasivo do balance, nin as de gastos e ingresos que integran a conta do resultado económico-patrimonial, nin os gastos e ingresos que integran o estado de liquidación do orzamento. Deben valorarse separadamente os elementos integrantes das distintas partidas do activo e do pasivo.

Principio de desafectación. Con carácter xeral, os ingresos de carácter orzamentario destínanse a financiar a totalidade dos gastos desta natureza, sen que exista relación directa entre uns e outros. No suposto de que determinados gastos orzamentarios se financien con ingresos orzamentarios específicos a eles afectados, o sistema contable debe reflectir esta circunstancia e permitir o seu seguimento.

4.2.2 NORMAS DE VALORACIÓN.

As normas de valoración constitúen o desenvolvemento dos principios contables e conteñen os criterios e regras de aplicación a operacións ou feitos económicos ou elementos patrimoniais.

De acordo co Plan xeral de contabilidade pública de Galicia, de ser o caso, serán de obrigado uso as normas valorativas incluídas nel.

Debido a que a Axencia se constitúe no segundo semestre do exercicio 2017, a actividade levada a cabo no dito exercicio é escasa, polo que, nos vindeiros exercicios, co incremento da actividade, farase referencia expresa as ditas normas de valoración e á súa aplicación na actividade da Axencia.





4.3 ESTADO OPERATIVO





O estado operativo da Axencia correspondente ao exercicio rematado o 31 de decembro de 2017, que inclúe as obrigas e os dereitos recoñecidos no exercicio de acordo coa súa clasificación económica, preséntase a continuación:

GASTOS ORZAMENTARIOS	EUROS	INGRESOS ORZAMENTARIOS	EUROS
Persoal	14.820,45	Impostos directos	-
Bens correntes e servizos	5.073,47	Impostos indirectos	-
Gastos financeiros	-	Taxas, prezos e outros ingresos	-
Transferencias correntes	-	Transferencias correntes	30.000,00
Fondo de continxencia	-	Ingresos patrimoniais	-
Investimentos reais	-	Alleamento de investimentos reais	-
Transferencias de capital	-	Transferencias de capital	-
Activos financeiros	-	Activos financeiros	-
Pasivos financeiros	-	Pasivos financeiros	-
Total	19.893,92	Total	30.000,00
Resultado orzamentario	10.106,08		
Total	30.000,00	Total	30.000,00





4.4 INFORMACIÓN DE CARÁCTER FINANCEIRO





4.4.1 CADRO DE FINANCIAMENTO

O cadro de financiamento da Axencia correspondente ao exercicio rematado o 31 de decembro de 2017 en euros, preséntase a continuación:

FONDOS APLICADOS	2017	FONDOS OBTIDOS	2017
1. Recursos aplicados en operacións de xestión	19.893,92	1. Recursos procedentes de operacións de xestión	30.000,00
c) Servizos exteriores	5.073,47	f) Transferencias e subvencións	30.000,00
e) Gastos de persoal	14.820,45		
Total APLICACIÓN	19.893,92	Total ORIXES	30.000,00
Exceso de Orixes s/ Aplicacións (Aumento de capital circulante)	10.106,08	Exceso de Aplicacións s/ Orixes (Diminución de capital circulante)	

VARIACIÓN DO CAPITAL CIRCULANTE	EXERCICIO 2017	
	AUMENTOS	DIMINUCIÓN
Debedores	12.680,26	
e) Outros debedores	12.680,26	
Acreedores		2.574,18
a) Orzamentarios		945,30
d) Administracións Públicas		1.628,88
Total VARIACIÓN DO CAPITAL CIRCULANTE		10.106,08

*Non se compara co exercicio anterior, tendo en conta que o inicio da actividade da Axencia é o exercicio 2017.





4.4.2 REMANENTE DE TESOURERÍA

CONCEPTOS	EUROS	
1. (+) Dereitos pendentes de cobro		0,00
2. (-) Obrigas pendentes de pagamento		2.574,18
(+) do Orzamento corrente	945,30	
(+) de operacións non orzamentarias	1.628,88	
3. Fondos líquidos		12.680,26 (*)
I. Remanente de Tesourería afectado		0,00
II. Remanente de Tesourería non afectado		10.106,08
Remanente de Tesourería total (1+2+3) = (I+II)		10.106,08

(*) Saldo da Tesourería centralizada

O artigo 10 “*Transferencia de remanentes líquidos de tesourería*” da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 establece o seguinte:

Os organismos autónomos e as entidades públicas empresariais transferirán ao orzamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma o importe do remanente de tesouraría non afectado resultante da liquidación do anterior exercicio orzamentario.

A Consellería de Facenda poderá xerar crédito con este importe no programa 621B, «Imprevistos e funcións non clasificadas», unha vez analizada a súa repercusión e os seus efectos sobre a estabilidade orzamentaria.

Non obstante, e coa finalidade de evitar que se produzan estes remanentes, a Consellería de Facenda poderá limitar os libramentos de fondos a estas entidades en función do seu nivel de execución orzamentaria.

As axencias públicas autonómicas para a incorporación do remanente de tesouraría non afectado aplicarán o disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. De non se realizar a incorporación procederase conforme o disposto neste artigo para os organismos autónomos e entidades públicas empresariais.

O punto 6 artigo 82 “*Recursos económicos*” da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de



organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, establece:

A dirección da Axencia poderá acordar a incorporación do remanente de tesourería non afectado ao orzamento do exercicio seguinte, previo informe preceptivo e vinculante da Dirección Xeral de Orzamentos, que se pronunciará respecto dos seus efectos sobre a estabilidade orzamentaria. Do dito acordo darase conta á Comisión de Control.

En relación cos parágrafos anteriores, ver a seguinte nota da memoria (Tesourería)

4.4.3 TESOURERÍA

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 07.09.2017, acordou “autorizar á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos para realizar as operacións de ingreso e ordenación e realización material de pagamentos, o abeiro do previsto no artigo 90.4 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, na redacción dada pola disposición derradeira décima da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, respecto da Axencia Galega da Industria Forestal”.

Isto implica que, a Axencia, non posúa tesourería propiamente dita, así, o saldo das existencias finais da tesourería correspondente ao exercicio rematado o 31 de decembro de 2017 é de 0,00 euros tendo en conta que a Axencia conta con tesourería centralizada no Tesouro da Xunta de Galicia e as operacións realízanse coma anotacións en conta fronte a este ente autonómico.

Non obstante, os fondos dos que se dispón a Axencia na conta centralizada son a diferenza entre conceptos non orzamentarios e ascenden a 12.680,26 euros. Este saldo debedor rexístrase no apartado “Outros debedores” do balance a 31.12.2017.

O estado é o que se presenta a continuación:



AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL

Data: 31/12/2017

Exercicio Contable: 2017

INGRESOS		PAGAMENTOS	
INGRESOS PRESUPOSTOS		PAGAMENTOS PRESUPOSTOS	
OPERACIONES CORRENTES	30.000,00	OPERACIONES CORRENTES	18.948,62
(-).....DEVOLUCIÓNS	0,00		30.000,00
OPERACIONES DE CAPITAL	0,00	OPERACIONES DE CAPITAL	0,00
(-).....DEVOLUCIÓNS	0,00		0,00
OPERACIONES FINANCIERAS	0,00	OPERACIONES FINANCIERAS	0,00
(-).....DEVOLUCIÓNS	0,00		0,00
SUMA INGRESOS PRESUPOSTOS	30.000,00	SUMA PAGAMENTOS PRESUPOSTOS	18.948,62
OUTROS INGRESOS		OUTROS PAGAMENTOS	
RESIDUOS PRESUPOSTOS CERRADOS	0,00	ANTICIPOS DE TESOURERÍA	0,00
ACREDORES EXTRAPRESUP. INGRESOS	3.812,40	RESIDUOS PRESUPOSTOS CERRADOS	0,00
(-).....PAGAMENTOS	2.183,52	DEBEDORES EXTRAPRESUP. PAGAMENTOS	0,00
INGRESOS PENDENTES APLICACIÓN	30.000,00	(-).....INGRESOS	0,00
(-).....APLICACIÓNS	30.000,00	PAGOS PENDENTES APLICACIÓN	0,00
RECURSOS OUTROS ENTES INGRESOS	0,00	(-).....APLICACIÓNS	0,00
(-).....DEVOLUCIÓNS	0,00	RECURSOS OUTROS ENTES PAGAMENTOS	0,00
		(-).....REINTEGROS	0,00
		MOV. INTER. TESOURERÍA. PAGAMENTOS	0,00
		(-).....INGRESOS	0,00
SALDO OUTRAS PARTIDAS RELACIÓN VALORES	0,00	SALDO OUTRAS PARTIDAS RELACIÓN VALORES	12.680,26
	0,00		0,00
TOTAL INGRESOS	31.628,88	TOTAL PAGAMENTOS	31.628,88
EXISTENCIAS INICIAIS A 01-01		EXISTENCIAS FINAIS	
BANCO DE ESPAÑA	0,00	BANCO DE ESPAÑA	0,00
OUTROS BANCOS	0,00	OUTROS BANCOS	0,00
VALORES	0,00	VALORES	0,00
TOTAL EXISTENCIAS INICIAIS	0,00	TOTAL EXISTENCIAS FINAIS	0,00
SUMA TOTAL	31.628,88	SUMA TOTAL	31.628,88





4.4.4 FONDOS PROPIOS

O movemento no exercicio 2017 no epígrafe de “Fondos Propios” do balance é o seguinte:

Epígrafe do PASIVO	Saldo 01/01/2017	ALTAS	TRASPASOS	Saldo a 31/12/2017
A) FONDOS PROPIOS	0,00	10.106,08	0,00	10.106,08
IV. Resultado do exercicio	0,00	10.106,08	0,00	10.106,08





4.5 INFORMACIÓN SOBRE A EXECUCIÓN DO GASTO PÚBLICO.





4.5.1 MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO

As ditas modificacións foron autorizadas pola Consellería de Facenda, cando procede, segundo a lexislación aplicable.

EXERCICIO CONTABLE: 2017

SECCION: 09 AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL
SERVIZO: A4 AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL
PROGRAMA: 741A APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA C OMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUCTIVIDADE EMPRESARIAL

CLASIF. ECON	CRÉDITOS EXTRAORD.	SUPLEMENTOS	AMPLIACIÓNS	TRANSFER. POSITIVAS	TRANSFER. NEGATIVAS	INCORPORACIÓN	XERACIÓNS	ADSCRICIÓNS	BAIXAS	TOTAL
100.00	0,00	0,00	13.614,64	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	2.682,29	10.932,36
100.01	0,00	0,00	427,06	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	69,63	357,43
100.08	0,00	0,00	53,12	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	6,23	46,89
120.00	0,00	0,00	8.530,71	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	8.530,71	0,00
120.05	0,00	0,00	1.222,76	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	117,47	1.105,29
121.00	0,00	0,00	5.512,05	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	5.512,05	0,00
121.01	0,00	0,00	6.030,43	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	6.030,43	0,00
121.08	0,00	0,00	88,36	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	88,36	0,00
130.00	0,00	0,00	25.225,06	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	25.225,06	0,00
160.00	0,00	0,00	16.829,26	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	16.450,77	2.378,49
227.99	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	894.926,53	-894.926,53
770.0	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	3.100.000,00	-3.100.000,00
TOTAL	0,00	0,00	81.593,45	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	4.061.699,53	-3.980.106,08





4.5.2 REMANENTES DE CRÉDITO

O remanente de crédito resultante detallado a nivel de artigo é o seguinte:

Artigo	DESCRICIÓN	Créditos presupuestarios definitivos	Obrigas rec. Netas	Remanentes de Crédito	
				Comprometidos	Non Comprometidos
10	ALTOS CARGOS E DELEGADOS	11.336,67	11.336,67	0,00	0,00
12	FUNCIONARIOS	1.105,29	1.105,29	0,00	0,00
16	COTAS, PRESTACIÓNS E GASTOS SOCIAIS	2.378,49	2.378,49	0,00	0,00
	TOTAL CAPÍTULO I	14.820,45	14.820,45	0,00	0,00
22	MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS E OUTROS	5.073,47	4.946,96	0,00	126,51
23	INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓNS DE SERVIZO	0,00	126,51	0,00	-126,51
	TOTAL CAPÍTULO II	5.073,47	5.073,47	0,00	0,00
	TOTAL	19.893,92	19.893,92	0,00	0,00

De acordo coa liquidación do orzamento do exercicio 2017 non existe remanente de crédito, dado que as obrigas totais equivalen ao crédito definitivo do orzamento de gastos.

A variación positiva e negativa de 126,51 euros nos artigos 22 e 23, respectivamente, responden á execución do gasto realizada en vinculación.

4.5.3 CLASIFICACIÓN FUNCIONAL DO GASTO

Como se indica na nota da memoria referente a Bases de presentación, a Axencia intégrase nos orzamentos da Xunta de Galicia no programa 741A APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL.





4.5.4 PROXECTOS DE INVESTIMENTO, CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA, TRANSFERENCIAS E SUBVENCIONS CONCEDIDAS, CONVENIOS.

No exercicio 2017, a Axencia, non realizou proxectos de investimento, nin realizou transferencias ou concedeu subvencións e non asinou convenios con outras entidades.

No que atinxe á expedientes de contratación administrativa, tramitáronse dous contratos menores de servizos relativos a gasto corrente da Axencia e que se detallan a continuación:

Capítulo II:

Tipo de contrato	Forma adx.	Adxudicatario	Concepto	Data	Importe	Executado no 2017
Servizo	C. Menor/G. Menor	B70267349 COSTA COMUNICACIÓN VISUAL SL	Deseño gráfico de logotipo da Axencia e de manual de identidade visual	08/11/2017	3.872,00	3.872,00
Servizo	C. Menor/G. Menor	B70023437 LICENTIA PATENTES Y MARCAS SL	Honoraios solicitude rexistro marca e taxas para a Axencia	30/11/2017	1.074,96	1.074,96

4.5.5 PERSOAL

De acordo co Decreto 81/2017, do 3 de agosto (DOG núm. 163 do 29.08.2017), polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos:

- “A persoa titular da Dirección da Axencia será nomeada e separada polo Consello da Xunta de Galicia, a proposta da persoa titular da consellería de adscrición, con rango de director/a xeral” [artigo 16].
- “A Axencia contará con persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia”.

Mediante a Resolución do 28 de decembro de 2017 (DOG núm. 246 do 29.12.2017) publicouse o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 28 de decembro de 2017 polo que se aproba a relación de postos de traballo da Axencia.

Na disposición adicional terceira do Decreto 81/2017, do 3 de agosto, está previsto asumir





os medios persoais do centro de investigación e innovación autonómico CIS-Madera. A 31 de decembro de 2017 aínda non se asumiron os ditos medios persoais.

En vista do anterior os medios persoais cos que conta a Axencia no exercicio 2017 son:

Empregados a 31/12/2017	Alto cargo/PD	Persoal funcionario de carreira	Forma de provisión
DIRECCIÓN	1		Nomeamento Consello Xunta de Galicia
Total Altos Cargos:	1		
DIRECTOR/A ÁREA DE INNOVACIÓN FORESTAL	1		PD
DIRECTOR/A ÁREA DE PROMOCIÓN E CALIDADE FORESTAL	1		PD
Total Persoal Directivo:	2		
XERENTE		1	LD
SECRETARIO/A DO/A DIRECTOR/A		1	LD
AXUDANTE ADMINISTRACIÓN		3	C
XEFATURA DEPARTAMENTO DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA		1	CE
XEFATURA SECCIÓN		4	C
Total Persoal Funcionario:		10	

Dos medios persoais indicados no cadro anterior, no exercicio 2017, só se produciu a ocupación efectiva do posto de director da Axencia (nomeado por Decreto 96/2017, do 11 de outubro, DOG núm. 195 do 13.10.2017).

O custo do persoal efectivo no exercicio 2017 ascendeu a 14.820,45.

4.5.6 ANTICIPOS DE TESOURERÍA

Non se concederon durante o exercicio anticipos de tesourería dos regulados no artigo 63 do Decreto legislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, nin de ningún outro tipo.





4.5.7 OBRIGAS DE PRESUPOSTOS CERRADOS

O inicio da actividade da Axencia ten lugar ao longo do exercicio 2017, polo que non hai obrigas pendentes de exercicios anteriores.

4.5.8 COMPROMISOS DE GASTO CON CARGO A EJERCICIOS POSTERIORES.

No exercicio 2017 non se tramitaron expedientes de carácter plurianual, polo que non existen compromisos de gasto con cargo a exercicios posteriores.





4.6 INFORMACIÓN SOBRE A EXECUCIÓN DO INGRESO PÚBLICO.





4.6.1 PROCEDEMENTO DE XESTIÓN.

Os dereitos recoñecidos netos pola Axencia durante o exercicio rematado o 31 de decembro de 2017, atendendo á clasificación económica do ingreso, son os seguintes:

Artigo	DESCRIPCIÓN	Dereitos recoñecidos	Cancelacións ou Anulacións	Dereitos recoñecidos netos	Recadación neta	Dereitos pendentes cobro a 31/12/2017
41	Transferencias correntes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia	30.000,00	0,00	30.000,00	30.000,00	0,00
Total Transferencias Correntes		30.000,00	0,00	30.000,00	30.000,00	0,00

Os dereitos recoñecidos pola Axencia responden ás transferencias recibidas por parte da Xunta de Galicia durante o exercicio 2017 por importe de 30.000,00 euros.

A Axencia non tivo outros ingresos distintos dos anteriores.

No hai dereitos pendentes de cobramento na data de peche do exercicio orzamentario.

4.6.2 TRANSFERENCIAS E SUBVENCÍONS RECIBIDAS.

As transferencias de financiamento recibidas,, de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, e que se detallan no punto anterior da memoria, ascenderon a 30.000,00 euros.

A Axencia non recibiu ningunha subvención durante o exercicio.

4.6.3 DEBEDORES ORZAMENTARIOS

A Axencia non conta con debedores orzamentarios a 31.12.2017.





4.6.4 DEREITOS PENDENTES DE COBRO SEGUNDO O SEU GRAO DE ESIXIBILIDADE.

Ao peche do exercicio 2017 non se dotou ningunha provisión para atender posibles insolvencias.

4.6.5 COMPROMISOS DE INGRESO CON CARGO A ORZAMENTOS DE EXERCICIOS POSTERIORES.

Non existen compromisos de ingresos con cargo a orzamentos de exercicios posteriores. O financiamento básico da Axencia responde ás transferencias de financiamento da Xunta de Galicia.





4.7 INFORMACIÓN SOBRE O INMOBILIZADO NON FINANCEIRO





4.7.1 INMOBILIZADO INMATERIAL

Na data de finalización do exercicio 2017, a Axencia, non dispón de inmovilizado inmaterial.

4.7.2 INMOBILIZADO MATERIAL

Na data de finalización do exercicio 2017, a Axencia, non realizou ningunha adquisición de elementos de inmovilizado material.





4.8 DEBEDORES E ACREDORES ORZAMENTARIOS E NON ORZAMENTARIOS E OUTRAS PARTIDAS DO BALANCE.





DEBEDORES E ACREDITORES ORZAMENTARIOS E NON ORZAMENTARIOS E OUTRAS PARTIDAS DO BALANCE

Ao peche do exercicio o saldo acredor do epígrafe D.III.1. Acredores orzamentarios, do pasivo de balance, ascende a 945,30 euros, e responden ás obrigas recoñecidas pendentes de pagamento relativas á cota patronal da Seguridade Social do mes de decembro.

Ao peche do exercicio o saldo acredor do epígrafe D.III.4. Administracións públicas, do pasivo de balance, ascende a 1.628,88 euros, e o seu detalle é o que sigue:

Conta	DESCRICIÓN	Saldo final
4751	Facenda pública acreedora por retencións de IRPF	1.448,82
4760	Seguridade Social acreedora	180,06
Total conceptos		1.628,88

Por outra banda, o saldo do epígrafe do balance “C.5. Outros debedores” ascende a 12.680,26 euros. Este epígrafe rexistra o importe dos fondos da Axencia na conta 550_Contas correntes non bancarias, tendo en conta o disposto nos puntos 4.4.2 e 4.4.3 desta memoria (tesourería centralizada no Tesouro da C.A. de Galicia)





4.9 DISTRIBUCIÓN DO RESULTADO





DISTRIBUCIÓN DO RESULTADO

De acordo coa normativa vixente, proponse que a aplicación do resultado do exercicio, aforro de 10.106,08 euros no exercicio 2017, sexa distribuído e rexistrado na conta 120_Resultados positivos de exercicios anteriores.





4.10 SITUACIÓN FISCAL





SITUACIÓN FISCAL

A Axencia Galega da Industria Forestal é unha axencia pública das previstas no artigo 74 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria.

De conformidade co artigo 9 da Lei 27/2014, de 27 de novembro, do imposto de sociedades, determinadas entidades do sector público gozan de exención da totalidade.

En función da natureza da Axencia e o disposto na Lei do imposto de sociedades, a Axencia, encóntrase exenta do dito imposto.

Durante o exercicio 2017, a Axencia, non realizou actividades suxeitas ao imposto sobre o valor engadido.





4.11 OUTRA INFORMACIÓN





4.11.1 FEITOS POSTERIORES

Ademais dos feitos sinalados nas notas desta memoria non se produciron feitos salientables posteriores ao peche do exercicio orzamentario.

4.11.2 COMPOSICIÓN DO CONSELLO REITOR A 31.12.2017.

A composición do Consello Reitor a 31 de decembro é a seguinte:

Presidencia: Francisco Conde López, conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

Vicepresidencia: José Ignacio Lema Piñeiro, director da Axencia Galega da Industria Forestal.

Secretaría: Lourdes Ledo Moure, subdirectora xeral de Coordinación Administrativa da SXt da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Vogais:

Patricia Argerey Vilar, directora da Axencia Galega de Innovación, en representación da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Juan Manuel Cividanes Roger, director xeral do Igape, en representación da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Miguel A. Pérez Dubois, director xeral de Desenvolvemento Rural, en representación da Consellería do Medio Rural.

Tomás Fernández-Couto Juanas, director xeral de Ordenación Forestal, en representación da Consellería do Medio Rural.

M^a Cruz Ferreira Costa, directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, en representación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Ana María Díaz López, directora xeral de Patrimonio Natural, en representación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.





M^a Socorro Martín Hierro, secretaria xeral Técnica de do Patrimonio, en representación da Consellería de Facenda.

Pablo Pérez Pérez, tenente-alcalde do concello de Quintela de Leirado, en representación da Fegamp.

Juan Vicente Penabad Muras, alcalde do concello de Ortigueira, en representación da Fegamp.

4.11.3 ORZAMENTOS INICIAIS APROBADOS PARA O EXERCICIO 2018

Os orzamentos iniciais da Axencia aprobados para o ano 2018, integrados nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, son:

ORZAMENTO DE GASTOS	Importe
I. Gastos de persoal	649.635,00
II. Gastos en bens correntes e servizos	150.000,00
IV. Transferencias correntes	750.000,00
VI. Investimentos reais	1.200.000,00
VII. Transferencias de capital	6.692.792,00
Total	9.442.427,00

ORZAMENTO DE INGRESOS	Importe
IV. Transferencias correntes	1.549.635,00
VII. Transferencias de capital	7.892.792,00
Total	9.442.427,00





O Director da Axencia Galega da Industria Forestal formula as contas anuais do exercicio 2017 formadas polos documentos que anteceden.

Santiago de Compostela,

[asinado dixitalmente]

